



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Pronunciación do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

|                       |  |        |       |              |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia               | Pronunciación do primeiro idioma estranxeiro: Inglés   |        |       |              |
| Código                | V01G180V01303  |        |       |              |
| Titulación            | Grao en Linguas Estranxeiras   |        |       |              |
| Descritores           | Creditos ECTS  | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
|                       | 9  | OB     | 2     | 1c           |
| Lingua de impartición | Inglés   |        |       |              |
| Departamento          | Filoloxía inglesa, francesa e alemá  |        |       |              |
| Coordinador/a         | Rama Martínez, María Esperanza   |        |       |              |
| Profesorado           | Rama Martínez, María Esperanza   |        |       |              |
| Correo-e              | erama@uvigo.es   |        |       |              |
| Web                   | <a href="http://fatic.uvigo.es">http://fatic.uvigo.es</a>  |        |       |              |
| Descrición xeral      | <p>Introdución xeral teórica e práctica ao nivel fonético e fonolóxico da lingua inglesa. Os obxectivos xerais son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ofrecer unha introdución xeral á teoría dos sons e de como se utilizan na lingua inglesa, establecendo as comparacións pertinentes cos sistemas fonolóxicos doutras linguas, especialmente coas do castelán e galego.</li> <li>- Equipar ao alumnado coas ferramentas básicas, unidades e conceptos teóricos necesarios para a descrición e análise dos niveis segmental e suprasegmental e dos procesos fonolóxicos do inglés.</li> <li>- Ofrecer ao alumnado as ferramentas prácticas necesarias para que melloren a pronuncia do inglés, tanto dende a perspectiva da discriminación auditiva coma da produción oral.</li> <li>- Conseguir que o alumnado se familiarice coas fontes de consulta da disciplina.</li> <li>- Lograr a participación activa da/do estudante no desenvolvemento da materia, tanto na aula coma en calquera actividade non presencial.</li> </ul> |        |       |              |

## Competencias de titulación

|        |  |
|--------|--|
| Código |  |
| A1     | Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz |
| A3     | Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos  |
| A4     | Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria   |
| A5     | Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios   |
| A6     | Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao  |
| A7     | Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos  |
| A8     | Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que condúzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo  |
| A9     | Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos   |

|     |   |
|-----|---|
| A10 | Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao |
| A11 | Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva                     |
| A12 | Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación  |
| A13 | Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada  |
| B1  | Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo                |
| B2  | Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo   |
| B3  | Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética  |
| B4  | Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado  |
| B5  | Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía  |

### Competencias de materia

| Resultados previstos na materia   | Resultados de Formación e Aprendizaxe          |                      |
|---|--|----------------------|
| 1. Adquirir os fundamentos teóricos do sistema fonolóxico do primeiro idioma estranxeiro a través dunha variante estandarizada previamente seleccionada.                            | A3<br>A5<br>A13                                | B1<br>B4<br>B5       |
| 2. Coñecer as técnicas lóxicas da análise fonolóxica e das teorías fundamentais que a sosteñen.   | A3<br>A4<br>A5<br>A13                          | B1<br>B4<br>B5       |
| 3. Adquirir os coñecementos necesarios para a análise de datos fonéticos e a explicación dos procesos fonéticos e fonolóxicos do primeiro idioma estranxeiro.                       | A3<br>A4<br>A5<br>A6<br>A7<br>A13              | B1<br>B3<br>B4<br>B5 |
| 4. Resolver exercicios, problemas e traballos de fonética e fonoloxía do primeiro idioma estranxeiro.   | A4<br>A5<br>A6<br>A7<br>A8<br>A9<br>A12<br>A13 | B2<br>B3<br>B4<br>B5 |
| 5. Recoñecer auditivamente e reproducir oralmente sons e palabras individuais, enunciados, e textos breves no primeiro idioma estranxeiro seguindo un modelo de pronuncia estándar. | A1<br>A5<br>A10<br>A12<br>A13                  | B2<br>B3<br>B4<br>B5 |
| 6. Adquirir os mecanismos necesarios para detectar por un/unha mesmo/a os erros propios de pronuncia e poder corrixilos.  | A1<br>A5<br>A8<br>A10<br>A12<br>A13            | B2<br>B3<br>B4<br>B5 |
| 7. Perfeccionar a pronuncia do primeiro idioma estranxeiro e mellorar a comunicación oral cos falantes nativos do primeiro idioma estranxeiro.                                      | A1<br>A5<br>A10<br>A11<br>A12<br>A13           | B2<br>B3<br>B4<br>B5 |

### Contidos

Tema

|                                     |   |
|-------------------------------------|---|
| 1. Introduction                     | 1.1. From sound to utterance<br>1.2. Phonetics versus Phonology<br>1.3. Phonetic transcriptions   |
| 2. Articulatory Phonetics           | 2.1. The production of speech<br>2.2. Organs of speech  |
| 3. The English consonant system     | 3.1. Inventory of consonant phonemes<br>3.2. Description of consonant phonemes<br>3.3. Classification of consonant phonemes in terms of features<br>3.4. Orthographic representation  |
| 4. The English vowel system         | 4.1. Cardinal vowels<br>4.2. Inventory of vowel phonemes<br>4.3. Description of vowel phonemes<br>4.4. Classification of vowel phonemes in terms of features<br>4.5. Orthographic representation<br>4.6. Major pronunciation varieties: GB vs. GA |
| 5. English syllable structure       | 5.1. Monosyllabic words<br>5.2. Polysyllabic words<br>5.3. Syllabification  |
| 6. Phonotactics                     | 6.1. Onset phonotactics<br>6.2. Rhyme phonotactics  |
| 7. Allophony                        | 7.1. Principles of allophony<br>7.2. English allophones<br>7.3. Rules of allophonic change  |
| 8. Phonological processes in speech | 8.1. Assimilation<br>8.2. Reduction<br>8.3. Elision<br>8.4. Linking   |
| 9. Stress and rhythm                | 9.1. Stress rules<br>9.2. Stress timing vs. syllable timing   |

## Planificación

|   | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introdutorias                                       | 2             | 0                  | 2            |
| Sesión maxistral  | 23            | 40                 | 63           |
| Prácticas de laboratorio  | 26            | 19                 | 45           |
| Resolución de problemas e/ou exercicios                         | 20            | 31                 | 51           |
| Titoría en grupo  | 4             | 10                 | 14           |
| Prácticas autónomas a través de TIC                             | 0             | 10                 | 10           |
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | 3             | 15                 | 18           |
| Observación sistemática   | 0             | 0                  | 0            |
| Outras  | 0             | 22                 | 22           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

|   | Descrición  |
|---|---|
| Actividades introdutorias               | Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia (obxectivos, contidos e sistema de avaliación).  |
| Sesión maxistral                        | Exposición por parte da profesora dos contidos teóricos da materia seguindo o temario.  |
| Prácticas de laboratorio                | As prácticas de laboratorio estarán destinadas á mellora da pronuncia do inglés tanto na súa vertente de discriminación auditiva coma de produción oral, así como á práctica da transcrición fonolóxica.  |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Resolución de exercicios prácticos de fonoloxía e/ou actividades autónomas ou en pequenos grupos dirixidas baseados nos contidos teóricos da materia explicados previamente. Son complemento da lección maxistral.  |
| Titoría en grupo                        | Orientación xeral para a resolución de actividades/problemas/exercicios, revisión de conceptos, resolución de dúbidas, explicación de cuestións de carácter metodolóxico, etc., é dicir, asesoramento sobre as actividades e contidos da materia e do proceso de aprendizaxe. |
| Prácticas autónomas a través de TIC     | Desenvolvemento de forma autónoma a través das TIC de exercicios/problemas ou outras actividades de aplicación da teoría a un nivel práctico.   |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|------------|
|--------------|------------|

|   |  |
|---|--|
| Prácticas de laboratorio                | Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (no despacho da profesora durante o horario de titorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma Tema de teledocencia e o correo electrónico). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (no despacho da profesora durante o horario de titorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma Tema de teledocencia e o correo electrónico). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. |

| <b>Avaliación</b>   |  |               |
|---|--|---------------|
|   | Descrición   | Cualificación |
| Prácticas de laboratorio  | Unha proba parcial sobre as actividades desenvolvidas durante as clases de laboratorio.  | 5             |
| Resolución de problemas e/ou exercicios                         | Resolución e entrega de exercicios, transcricións, grabacións, etc. que a profesora solicite realizar dentro ou fóra da aula, con ou sen previo aviso, así como grao de desenvolvemento das actividades autónomas nas TIC.   | 15            |
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | Unha proba parcial sobre os contidos teórico-prácticos desenvolvidos nas clases teóricas.  | 10            |
| Observación sistemática   | Recompilación por parte da profesora de datos sobre a participación e implicación do alumnado nas sesións presenciais: atención, comentarios e preguntas ao fío das explicacións e realización de actividades encomendadas.  | 10            |
| Outras  | Exame final cun compoñente teórico-práctico que incluírá preguntas curtas e longas sobre os contidos teóricos e a súa aplicación práctica (incluída transcripción), e un compoñente práctico de laboratorio que incluírá preguntas (a) tipo test e/ou curtas de discriminación auditiva, (b) de transcripción da oralidade e (c) de lectura. | 60            |

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

#### **(A) PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS**

##### **a) Avaliación continua**

A avaliación será continua e terá lugar ao final do primeiro cuadrimestre. Para a avaliación continua computarán os seguintes parámetros obrigatorios (entre parénteses figuran as porcentaxes equivalentes da cualificación final):

(1) Participación activa nas sesións presenciais (10%).

(2) Dúas probas parciais que terán lugar na semana inmediatamente posterior á finalización do tema 4: unha proba sobre os contidos teóricos, a resolución de exercicios ou problemas relacionados coa teoría dos 4 primeiros temas e unha transcripción fonolóxica (10%), e unha proba práctica de laboratorio sobre actividades de discriminación auditiva e produción oral (5%).

(3) Entrega de actividades puntuais (resolución de exercicios, transcricións, grabacións, etc.) que a profesora solicite realizar dentro ou fóra da aula, con ou sen previo aviso, así como grao de desenvolvemento das actividades autónomas nas TIC (15%). A non entrega dunha actividade en tempo e forma puntuará como cero.

(4) Exame final (60%): Constará de dous compoñentes, un teórico-práctico e un práctico de laboratorio (discriminación auditiva e produción oral) que constituirán, respectivamente, un 65% e un 35% da cualificación final do exame. Abarcarán tódolos contidos teóricos e prácticos explicados ao longo do cuadrimestre, incluíndo as lecturas obrigatorias tanto do libro de texto como as complementarias. Para aprobar a materia é requisito indispensable superar ámbalas dúas partes do exame final cunha cualificación satisfactoria. O exame final terá lugar na semana do 5 de xaneiro de 2015, á volta das vacacións do Nadal. As datas e horas exactas tanto da parte teórico-práctica coma da parte do laboratorio serán anunciadas en clase e a través da plataforma Tema coa debida antelación.

Para superar a avaliación continua é requisito ter asistido a polo menos un 80% das sesións presenciais, tanto das sesións de grupo grande como das sesións de grupo pequeno ou laboratorio. Haberá certa flexibilidade na aplicación desta porcentaxe sempre que as faltas de asistencia estean debidamente xustificadas. Non obstante, as faltas debidamente xustificadas repercutirán na puntuación do parámetro (1).

##### **b) Avaliación única**

O alumnado que por motivos debidamente xustificadas (e.g. traballo) non poida cumprir co requisito do 80% de asistencia deberá comunicarllo á profesora nos 15 primeiros días do curso. Este alumnado será avaliado en base a un único exame

final que computará como o 100% da cualificación. O exame abarcará todos os contidos explicados ao longo do primeiro cuadrimestre, incluíndo as lecturas obrigatorias, tanto do libro de texto como as complementarias. Constará dun compoñente teórico-práctico e outro práctico de laboratorio (discriminación auditiva e produción oral) que constituirán, respectivamente, un 65% e un 35% da cualificación final. Para aprobar a materia é requisito indispensable ter superados ámbolos dous compoñentes cunha cualificación satisfactoria. A celebración do exame único, tanto a parte teórico-práctica como a parte do laboratorio, terá lugar na mesma data, hora e lugar que o exame final do alumnado que segue a avaliación continua.

Aínda que este alumnado non ten ningunha obriga presencial, é altamente recomendable que asista ás sesións presenciais sempre que poida.

#### **(B) SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)**

O alumnado que non supere a avaliación continua na primeira edición de actas ou que, acolléndose á avaliación única a comezos de curso por imposibilidade de cumprir co requisito do 80% de asistencia ás sesións presenciais, non superara ésta deberá presentarse á segunda edición de actas de xullo na que será avaliado en base a un único exame final que computará como o 100% da cualificación (véxase arriba o apartado sobre avaliación única en (b)). A parte teórico-práctica do exame terá lugar na data, hora e lugar publicados polo Centro. A data, hora e lugar da realización do compoñente práctico será anunciado durante a realización do compoñente teórico-práctico do exame.

N.B.: En caso de calquera tipo de plaxio a cualificación final será de suspenso.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **a) Libros de texto obrigatorios:**

Smith, J. & A. Margolis (2012). *Pronunciation. Study Book*. Reading: Garnet.

#### **b) Libros de texto recomendados:**

Ashby, M. (2011). *Understanding Phonetics*. London: Hodder Arnold.

Bauman-Waengler, J. (2008). *Introduction to Phonetics and Phonology: From Concepts to Transcription*. Allyn & Bacon.

Brown, G. (1990). *Listening to Spoken English*. 2nd ed. London: Longman.

Collins, B. & I.M. Mees (2013). *Practical Phonetics and Phonology: A Resource Book for Students*. 3<sup>rd</sup> ed. London: Routledge.

Giegerich, H.J. (1992). *English Phonology: An Introduction*. Cambridge: C.U.P.

Gut, U. (2009). *Introduction to English Phonetics and Phonology*. Frankfurt a.M.: Peter Lang.

Hughes, A., Trudgill, P. & D. Watt (2012). *English Accents and Dialects: An Introduction to Social and Regional Varieties of English in the British Isles*. 5<sup>th</sup> ed. London: Hodder Arnold.

Kreidler, C.W. (2004). *The Pronunciation of English: A Coursebook*. 2<sup>nd</sup> ed. Oxford: Blackwell.

Ladefoged, P. & K. Johnson (2011). *A Course in Phonetics*. 6th ed. Boston, Mass.: Thomson Wadsworth.

McCully, C. (2009). *The Sound Structure of English: An Introduction*. Cambridge: C.U.P.

Mott, B. (2005). *English Phonetics and Phonology for Spanish Speakers*. Barcelona: Universitat de Barcelona.

Ogden, R. (2010). *An Introduction to English Phonetics*. Edinburgh: Edinburgh U.P.

Roach, P. (2009). *English Phonetics and Phonology. A Practical Course*. 4<sup>th</sup> edition. Cambridge: C.U.P.

Rogers, H. (2000). *The Sounds of Language. An Introduction to Phonetics*. London: Pearson Education.

Sánchez Benedito, F. (2004). *Manual de pronunciación inglesa comparada con la española*. 5<sup>th</sup> ed. Madrid: Comares.

Skandera, P. & P. Burleigh (2011). *A Manual of English Phonetics and Phonology*. 2<sup>nd</sup> ed. Frankfurt: Günter Narr.

Trudgill, P. (1999). *The Dialects of England*. 2<sup>nd</sup> ed. Oxford & Malden, Mass.: Blackwell.

Wells, J.C. (1986). *Accents of English 1,2,3*. Cambridge: C.U.P.

Zsiga, E.C. (2013). *The Sounds of Language: An Introduction to Phonetics and Phonology*. Oxford: Wiley-Blackwell.

**c) Dictionaries** (\*strongly recommended):

\*Roach, P., Hartman, J. & J. Setter (eds.) (2011). *English Pronouncing Dictionary*. 18<sup>th</sup> ed. Cambridge: C.U.P. (with CD ROM)

Upton, C. & W. Kretzschmar (2003). *Oxford Dictionary of Pronunciation for Current English*. Oxford: O.U.P. (Out of print; available in Faculty library)

---

## **Recomendacións**

### **Outros comentarios**

Para un óptimo aproveitamento das leccións maxistras é recomendable que o alumnado teña feitas as lecturas obrigatorias antes de cada sesión para assimilar mellor os contidos que se van explicar e plantexar posibles dúbidas ou facer comentarios ao respecto.

Para a resolución de exercicios e outras actividades prácticas é imprescindible ter feito as lecturas obrigatorias correspondentes así como revisado os apuntamentos das clases maxistras.

Recoméndase a consulta regular da plataforma Faitic posto que a través dela a profesora fará anuncios e porá a disposición do alumnado materiais necesarios para un óptimo aproveitamento das sesións presenciais.

Competencias previas desexables:

- Bo coñecemento da lingua inglesa.
- Uso dos diferentes recursos que ofrece a Biblioteca.
- Manexo básico de ferramentas informáticas e internet.

Para a consecución destas competencias previas recoméndase a asistencia a sesións formativas especializadas.

---